



/:Qué manada de papóns:/
taban coa boca aberta
a ver se caen arañóns-e.

Anque m'óiches un ano
e por riba nove meses,
nunca m'has d'ouir cantar
unha copla dúas veces.

/:No río lavand'a roupa:/
has de ser miña cuñada
se meu irmán non quer outra.

/:Cante ben que canto mal:/
ós outros páganll'a perra
a min págham'a real-e.

Pon o paniño ben posto,
qu'esas son as boas rendas que cobro
no mes d'agosto.

Arrímate a la alameda,
dime quén che regalou
ese pañuelo de seda.
Ai la la...

/:Manea ben esas patas:/
parese que vas vendendo
siriduellas con patatas.

Miña nai pensa qu'estou
deitado na cama nova,
ando polo mundo adiante
bucando na i-a sua nora.
Ai la la...

Meniña, picit'ó pelo
e non seas preghiseira,
qu'ó cabelo é unha honra
dunha meniña solteira.
Ai la la...



/:Marchade todos pra fóra:/
deixademe tolear
a min a mais á miña nora.
Ai la la...

/:Neste lugar n´hai sirolas:/
ond´hai os homes cativos
cantan as mulleres solas.
Ai la la....